



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Dona Nieves Mandayo Vázquez, Secretaria do Excmo. Concello de Frades, **CERTIFICA** que na sesión ordinaria do Pleno da Corporación do pasado 14 de maio de 2021 adoptouse o seguinte acordo pola maioría dos membros da corporación:

“4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO “CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE PONTECARREIRA”

Expediente: 2021/C003/000001

O Concello de Frades de conformidade co artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local ten a competencia en Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento municipal e visto que con data 03/05/2021 polo Alcalde fixo a proposta de realizar a contratación da execución do proxecto Centro Sociocomunitario de Pontecarreira”, elaborado polo arquitecto D. José Isidro López Yáñez, colexiado nº 2.261, de data marzo de 2020, con motivo do convenio subscrito entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Frades para o financiamento das obras de construción do Centro Sociocomunitario do Concello de Frades, emitindo a correspondente memoria xustificativa da contratación.

Dada a característica da obra considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto simplificado.

Visto que con data 07/05/2021 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, o órgano competente para adxudicar o contrato e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir advertíndose da legalidade do mesmo.

Visto que consta a retención de crédito oportuna.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 117 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra denominada “Centro Sociocomunitario de Pontecarreira”



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coñía)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraides.diaoruna.es

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo de 350.000,00€ por procedemento aberto simplificado, con cargo á aplicación orzamentaria 337.63200.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas e cadro de características que rexen a licitación.

CUARTO.- Publicar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, así como o cadro de características no perfil do contratante do Concello."

O PLENO DA CORPORACIÓN pola maioría dos seus membros, con 6 votos a favor e 4 en contra, **ACORDA** asumir a proposta de alcaldía e adoptar os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra denominada "Centro Sociocomunitario de Pontecarreira"

SEGUNDO.- Autorizar, en contía de euros, o gasto que para este Concello representa a contratación do servizo de 350.000,00€ por procedemento aberto simplificado, con cargo á aplicación orzamentaria 337.63200.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas e cadro de características que rexen a licitación.

CUARTO.- Publicar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, así como o cadro de características no perfil do contratante do Concello."

E para que así conste aos efectos oportunos, emito a presente certificación, en data 18 de maio de 2021.

Fdo.

Dña. Nieves Mandayo Vázquez